



**FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA**  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [secretaria@fgtm.es](mailto:secretaria@fgtm.es)  
CIF: V15149453



**XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte



**CIRCULAR Nº 8**

**TEMPADA 2018/19**

# **XXXII CAMPIONATO GALEGO XUVENIL XXI CAMPIONATO GALEGO BENXAMÍN**

## **DATAS E LOCAL DE XOGO**

25/26 de maio de 2019.

No Pavillón Campo da Serra, Avd. Santa Icía s/n, Narón.

## **PROBAS A DISPUTAR CON HORARIOS**

Sábado día 25: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Xuvenil: Individual e Dobres masculinos e femininos.
- Galego Benxamín: Equipos masculinos e femininos (poden participar equipos mixtos, cun xogador e xogadora, no caso de que haxa só unha licenza masculina e/ou unha feminina no mesmo club, que se encadrarán na modalidade de equipos masculinos)

Domingo día 26: de 9:30 a 21:00 horas:

- Galego Benxamín: Individuais e Dobres masculinos e femininos.
- Galego Xuvenil: Equipos masculinos e femininos.

## **SISTEMA DE XOGO**

Equipos galego xuvenil:

- Equipos masculinos (Copa do Mundo, mínimo 3 xogadores).
- Equipos femininos (Corbillón, mínimo 2 xogadoras).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Equipos galego benxamín:

- Equipos masculinos e femininos (Corbillón, mínimo 2 xogadores).
- Por grupos na 1ª fase e por eliminatorias na fase final (sempre que o número de equipos inscritos, mesas e tempo dispoñible o permitan).

Os individuais disputaranse por grupos na primeira fase e por eliminatorias na fase final.

As probas de dobres masculinos e femininos, disputaranse por eliminatorias, ao mellor de 5 xogos.

## **PARTICIPACIÓN**

- Equipos xuvenís masculinos: 12
- Equipos xuvenís femininos: 8
- Equipos benxamíns masculinos e femininos: 12
- Individual xuvenil/benxamín Masculino: 40 xogadores
- Individual xuvenil/benxamín feminino: 24 xogadoras
- Dobres xuvenís/benxamíns masculinos: 16 parellas



**FEDERACIÓN GALEGA  
DE TENIS DE MESA**  
Luis Ksado 17 Local 20  
36209 – Vigo (Pontevedra)  
Web: [www.fgtm.es](http://www.fgtm.es)  
E-mail: [secretaria@fgtm.es](mailto:secretaria@fgtm.es)  
CIF: V15149453

 **XUNTA DE GALICIA**  
PRESIDENCIA  
Secretaría Xeral para o Deporte

 **DEPORTE  
GALEGO**

- Dobres xuvenís/benxamíns femininos: 16 parellas

Para seleccionar os equipos xuvenís masculinos tomaranse os 3 primeiros xogadores de cada equipo con máis puntuación no ránking.

Para seleccionar os equipos xuvenís femininos e Benxamíns masculinos e femininos tomaranse os 2 primeiros xogadores de cada equipo con máis puntuación no ránking.

Os xogadores participantes nas probas de individuais e dobres, tomaranse tendo en conta o ránking de cada inscrito.

Poderán participar todos aqueles xogadores con licenza federada en vigor durante a tempada 2018/19.

### **CABEZAS DE SERIE**

Os cabezas de serie tomaranse tendo en conta o ránking de cada xogador.

### **DEREITOS DE INSCRICIÓN**

Campionato galego xuvenil:

- Equipos: 7 €.
- Individuais: 3 €
- Dobre: 3 € por parella.

Campionato Galego Benxamín:

- Equipos: 5 €.
- Individuais: 1 €
- Dobre: 1 € por parella.

Os dereitos de inscrición faranse efectivos na conta da Federación Galega: **0130/3007/70/0108038102**, enviando a continuación unha fotocopia da transferencia efectuada ao mail de: [secretaria@fgtm.es](mailto:secretaria@fgtm.es)

Se ao finalizar a data de inscrición non se recibiu a mencionada transferencia, darase de baixa ao Club ou xogadores implicados de todas as probas en que se inscribiron.

### **INSCRICIÓN**

Os clubs interesados en participar nestes campionatos terán que cubrir o [novo sistema de inscrición](#) que se encontra na páxina web da galega, antes das 24:00 horas do día 15 de maio de 2019.

Notas: A criterio do Xuíz Arbitro poderase xogar, na proba de equipos, en dúas mesas.

Para consultar con máis detalle todo o referente a estes campionatos pódese ir á CIRCULAR Nº4 - NORMATIVA DOS CAMPIONATOS GALEGOS, que se atopa no apartado de CIRCULARES da páxina web.

O Comité de Actividades poderá variar algunha das normas, comunicándoo coa suficiente antelación.

*Venres, 3 de maio de 2019*